

Memoria

Emilio Grandío Seoane
Coordinación

PASADO ARRINCADO

*Lugares de memoria
democrática en Galicia*



EDITORIAL GALAXIA

PASADO ARRINCADO
LUGARES DE MEMORIA DEMOCRÁTICA
EN GALICIA

MEMORIA

Este traballo xorde de dous proxectos de investigación financiados polo Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, en colaboración co Grupo de Investigación HISPONA da USC: "Patrimonio e espazos da memoria democrática en Galicia: franquismo e transición e rutas da memoria democrática galega (2021-2023)".

1ª edición, 1ª impresión, 2024

© cadansúa autora e autor, 2024

© Editorial Galaxia, S. A., 2024
Avenida de Madrid, 44, baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.gal

ISBN: 978-84-1176-190-1

Dep. Legal: VG 73-2024

Imaxe da cuberta

Caracola (Moncho Amigo), en Punta Herminia.

Fotografía de Xoán Antón. C. C. Wikipedia

Deseño da cuberta

Hayat Husein

Maquetación

Alba Pernas

O papel utilizado neste exemplar é reciclable,
libre de cloro e obtido dunha xestión forestal sustentable.

EMILIO GRANDÍO SEOANE (COORD.)

PASADO ARRINCADO
LUGARES DE MEMORIA
DEMOCRÁTICA EN GALICIA



LIMIAR

PASADO ARRINCADO.
UNHA PROPOSTA SOBRE OS LUGARES
DA MEMORIA DEMOCRÁTICA

EMILIO GRANDÍO SEOANE (COORD.)

Os seres humanos precisamos da memoria e da construción histórica; é dicir, cómpre que interioricemos o noso pasado. Non podemos evolucionar sen saber de onde procedemos, cales son as nosas tradicións, o noso xeito de estarmos no mundo. Necesitamos unha construción cultural, unha xustificación moral que nos protexa ante os acontecementos do porvir. É necesario que a construción da persoa, na riqueza dos pobres que é a Historia, teña o seu vencello. Cando falamos de memoria aludimos a un pasado poboado por unha miríade de perdedores que foron o xérmolo da sociedade actual que convive, nesta época democrática, co seu recordo.

O lugares de memoria son espazos integrados conforme novas esixencias medioambientais, respectuosas coa natureza e o territorio; que possibiliten vivirmos cun forte sentido ético, coa capacidade de poder transmitir esta mensaxe en conexión coas novas sensibilidades verbo do urbanismo. Só estes supostos poden garantir unha continuidade cultural, sen formulacións maximalistas, “verdades únicas” que dan lugar a sociedades carentes de debate e autocrítica. Os “Lugares

de Memoria” constituirían, así, unha *escola* dinámica de ensino para formar unha opinión pública crítica mediante un relato honesto do pasado. Nestas liñas, os lectores farán un percorrido pola construción dunha conciencia cívica, xeradora de sinerxías e de conciencia colectiva, para realidades cambiantes. O cambio é connatural á especie humana. Ás veces, incómodo, mais real. É unha das cousas que aprendemos do estudo do pasado.

Hai moitos lugares que nos fan recordar, e hai outros, escollidos, que, ademais, deben facernos reflexionar. Eliximos, para visualizalos, espazos dun presente tanxible, escenarios que noutro contexto, noutra época, noutro mundo, en definitiva, tiñan unha dimensión distinta. A percepción é a realidade, non o esquezamos. Encher de contidos éticos espazos aparentemente cotiáns, *normais*, anímanos a mellorar como persoas. Enríquecenos, a nós mesmos e á xente coa que convivimos. Non habitamos estes espazos por lei de vida, por simple supervivencia, senón pola nosa vontade de recoñecernos, de comprender os nosos límites, e de ser conscientes de que o mundo sempre cambia, e non sempre na dirección que queremos por moito que nos pese.

Cando falamos de “memoria democrática” non só aludimos aos feitos máis tráxicos amplamente difundidos polos medios de comunicación e as homenaxes que conmemoran e honran as vítimas. Pensamos que a construción de futuros en clave democrática depende do que lembremos dese pasado, mais tamén depende extraordinariamente de “como” o lembremos e do que debemos seleccionar os historiadores, “profesionais” do pasado. Dende unha perspectiva de-

mocrática non hai outra opción que a asunción dos cambios como algo natural. Os relatos que se propugnan no presente que escribo, que dan lugar á vaga de conservadorismo e a reacción fronte á democracia, teñen a súa orixe, precisamente, no feito de entender o mundo en que vivimos como algo estático, que nos dá unha falsa sensación de seguridade. Nun presente cheo de conflitos, expresar ideas de cambio e evolución, infunde medo ante un futuro incerto. A simple alusión a unha modulación do futuro, nun presente axitado e convulso, pode paralizar a moita xente. O medo é o principal mobilizador das masas ó longo da historia fronte ó cambio, fronte a un futuro que non se dá percibido.

Xa que logo, o relato do pasado da democracia debe ser establecido dende un marcado carácter positivo. Nestas liñas, queremos salientar aqueles fitos que contribuíron á construción da democracia. O pasado democrático non pode nin debe interpretarse dun xeito parcial: dende o recordo da violencia extrema aplicada como parte consubstancial dunha sublevación militar contra un réxime democrático que rematou nunha ditadura que durou catro longas décadas. Tamén houbo unha multitude de xente anónima, invisible, que participou e contribuíu a dotarnos do réxime que temos hoxe. A democracia débelle moito ás persoas que non pretenden ningún tipo de recoñecemento, senón que consideran a súa contribución persoal como algo natural, para construír un sistema de convivencia o máis natural e libre posible.

Trátase dun “Pasado arrincado”, como di o título desta obra. Na opinión do equipo que redactou estas

liñas, unha parte dese pasado non está suficientemente expreso. Hai unha serie de elementos básicos para a construción da nosa convivencia que consideramos que nos foron furtados. Os lugares, os datos, a pedagogía etc., sobre a “memoria democrática” deben ampliarse, amplificarse, e ser tratados dun xeito rigoroso; un labor que tiña que ser realizado hai moito tempo. Non queremos seguir explicando o noso pasado coma unha loita perpetua; o que pretendemos, na medida das nosas posibilidades, é explicar a construción da democracia en positivo. Pensamos que non se analizou o suficiente desde esa perspectiva. Non facelo, significaría reproducir e perpetuar o esquema mental que a ditadura alicerzou durante catro décadas: un recordo violento do noso pasado, cruel, *cainita*, sen referentes firmes para a convivencia. Coido que estas case cinco últimas décadas de convivencia democrática demostraron a falsidade desas aseveracións. Un relato de crítica fácil coa conseguinte falta de reflexión que suscitan as análises apresuradas e maniqueas, é moi doado de asumir. Cómpre reafirmarmos a convivencia sen medo ó debate e ó diálogo.

A monografía que tedes nas mans é un dos resultados de dous Proxectos de Investigación sobre “Lugares de Memoria Democrática en Galicia” concedidos ó Grupo de Investigación HISPONA-USC polo Ministerio de Presidencia (2022-2024). Comprende, ademais, unha base de datos de lugares accesible online (<https://memoriasvivas.es>), a realización de varias rutas de lugares de memoria con temáticas distintas por toda Galicia, e unha *Guía docente* sobre esta temática (en PDF descargable na ligazón que figura ao final des-

ta introdución). Un traballo colectivo que implicou a moita xente e do que estas páxinas ofrecen unha pequena mostra. A nosa idea era abarcar os lugares de memoria desde unha perspectiva ampla: localización, visualización, divulgación e difusión destes espazos en distintos ámbitos. Sempre dende unha primeira e indispensable orientación de ampliar o marco temático e cronolóxico, ata o ano 1978. Sabemos que a construción da democracia non remata coas opcións armadas de finais dos anos corenta. E despois? Insistimos: todos os esforzos multidisciplinares deberían estar presentes. Todas as persoas e colectivos que aparecen neste libro —e máis— traballaron cun obxectivo común, na medida das súas posibilidades: construír un sistema de convivencia democrática.

Unha monografía destas características necesariamente contemplaba unha selección de espazos para visualizar a diversidade dos métodos para alcanzar a democracia. A variable temática percorre o período dos 40 anos de ditadura e os posteriores. Un lugar como pretexto para desenvolver unha das múltiples caras dos esforzos na construción da democracia. Dende a resignificación dos espazos onde exerceu a violencia e o poder a ditadura, ás fuxidas alén mar para escapar da represión. Dende as protestas rurais ó ámbito universitario. Dende a mobilización urbana ata a defensa da igualdade de xénero. Dende as foxas ó proceso histórico de erixir monumentos para a memoria. Todos eles, na maioría dos casos, espazos cotiáns (utilizados) polos que transita unha innumerable cantidade de persoas, alleas ós feitos que neles aconteceron. Todos eles elixidos para explicar boa parte dos sucesos que

abranguen o que entendemos como *lugares de memoria democrática* en Galicia.

Afastar a historia da sociedade; reducila a un círculo pechado, sometida a debate por un selecto grupo de intelectuais é lexítimo, mais perigoso. A necesidade de complementariedade entre HISTORIA, ou saber académico, e MEMORIA, como recordo de grupos ou persoas de sucesos pasados, resulta na actualidade cada vez máis necesario. Quizais o problema radique en que os defensores das dúas opcións pretenden impoñer a súa visión. Só a converxencia de ambas posturas conduce á imprescindible unidade de acción neste terreo, a unha única proposta, común, fronte ós que negan a existencia do pasado, os que propugnan a desaparición da memoria porque molesta, porque provoca, porque incomoda, porque reabre vellas feridas. En definitiva, porque remove conciencias.

Os historiadores non debemos obviar estes feitos. Evidentemente, os que non o son só se deben ás súas expectativas persoais e profesionais. Porén, resulta necesario, en beneficio da colectividade, abandonar o relato maniqueo do pasado onde existen unicamente “bos” e “malos”. A vida é complexa. O pasado, como representación da época que estamos a referir, tamén. O discurso maniqueísta é, sen dúbida, moito máis cómodo para todos, intelixible e fácil de dixerir a curto prazo, mais na maior parte das veces resulta insuficiente e, co tempo, deixa mal sabor de boca porque nos nos permite entender dun xeito total todo o proceso. En suma, un relato onde nos tratan como cativos e non como a sociedade democrática e madura que somos.

O recordo non se basea só nos feitos en si, senón en como os percibimos dende a nosa perspectiva actual. Isto non é contraditorio en absoluto cos fundamentos do coñecemento histórico: cando o historiador pensa, se pregunta ou propón hipóteses, non o fai só para achegarse a un pasado que permanece oculto co fin de dar respostas ás cuestións que formula sobre o seu presente. Un debate honesto, xunto á converxencia de intereses e a unidade de acción, fixan no recordo social aquilo que tanto custou conseguir: a democracia. A nosa obriga é traballar por conservala e perfeccionala. Os “Lugares de Memoria” pretenden chamar a atención para non esquecermos o esencial: o noso xeito de convivir; o camiño percorrido. Os éxitos e os fracasos a través do noso pasado dentro dun sistema aberto e libre, mais, sobre todo, común.

“Pasado arrincado”, unha memoria que, voluntaria ou involuntariamente, se nos subtrai. Debemos loitar contra a idea de que non está, non existe. Existiu. Velaquí a tedes. De feito, seguimos paseando e camiñando acotío polos espazos que remiten a ese pasado. Consideramos que o noso deber como historiadores é impartir pedagogía cívica en tempos complexos.

Quero agradecer o esforzo, o traballo, a vontade de todos os que transmitiron esta mensaxe á sociedade galega. Tanto dende as institucións públicas e privadas que o fixeron posible, como ás historiadoras e ós historiadores que colaboraron, e, sobre todo, ao traballo dos membros do grupo de investigación HISPONA, que sempre estiveron ahí. Grazas.

WEB: [HTTPS://MEMORIASVIVAS.ES](https://memoriasvivas.es)

GUÍA DOCENTE: [HTTPS://EDITORIALGALAXIA.GAL/OS-MATERIAIS/](https://editorialgalaxia.gal/os-materiais/)